

Modificación da Programación de Inglés do curso 2022-23

(Segundo a Orde do 27 de decembro de 2022 na que se modifica o calendario escolar)

IES de Rodeira

Ante a nova orde do 27 de decembro de 2022 na que se modifica o calendario escolar para o curso 2022/23, revísase a Programación e **refanse os seguintes apartados: apartado 4.c. Procedementos e instrumentos de avaliación e o apartado 9. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.**

4. c. Procedementos e instrumentos de avaliación

ESO

A cualificación final de cada avaliación será a suma das notas acadadas nos procesos de avaliación das distintas competencias as que se fai referencia no punto 2 desta programación, centrándonos na Competencia Lingüística.

A cuantificación será a que sigue:

Competencias a avaliar	Porcentaxe	Mínimo	Instrumentos
Competencia Lingüística	70%	35%	Probas obxectivas de desempeño: escritas, audicións, orais Rúbricas
Competencia Social e Cívica	10%		Observación Rexistro Rúbricas
C. en Conciencia e Expresións Culturais	5%		Observación Rexistro Rúbricas Probas obxectivas de desempeño
Competencia Dixital	2%		Observación Rexistro Portfolio Tarefas Rúbricas Probas obxectivas de desempeño
Competencia para Aprender a Aprender	9%		Observación Rexistro Portfolio Rúbricas
C. de Sentido da Iniciativa e E.E.	4%		Observación Rexistro Portfolio Rúbricas

As probas obxectivas realizaranse utilizando os instrumentos de avaliación especificados no punto 3a. O exame de avaliación será o que teña a carga total da nota na avaliación da competencia lingüística, agás outras tarefas recollidas ó longo do trimestre e indicadas a tal fin pola docente.

A nota das probas obxectivas, que avalían a competencia lingüística obxectivamente, será por tanto en base a 100, agás no caso de incluír outras tarefas. Neste suposto, a suma das probas obxectivas e as tarefas será en base a 100. Ao incluír na nota da avaliación ordinaria a avaliación das outras competencias, pasará a ser o 70% da nota final.

Cuantificación da nota das probas obxectivas de desempeño / exame:

Bloque ao que fai referencia	Sección da proba	Porcentaxe de cuantificación/ponderación
B5	Vocabulary	10%
B5 + Contidos Sintáctico-discursivos	Use of English / Grammar	50%
B1 + B2+B5	Communication / Speaking	10%
B3+ B5	Reading	10%
B4 + B5	Writing	10%
B1 + B5	Listening	10%

No *Speaking* valorarase a fluidez, a corrección gramatical, coherencia discursiva, pronunciación (20%, 30%, 30% 20%)

A proba de *Communication* escrita eliminarase na terceira avaliación para facer a proba de *Speaking*, xa que, básicamente, tratase de reproducir un diálogo lóxico sobre un dos temas do currículo.

Competencias	Items a valorar	Cuantificación items	Peso total da competencia
Sociáis e Cívica	<ul style="list-style-type: none"> Favorece o ambiente de traballo respectando ós compañeiros e a docente. 	10%	10%
Conciencia e expresións Culturais	<ul style="list-style-type: none"> Valora o uso do inglés mostrando respecto e interese por outras culturas. 	5%	5%
Dixital	<ul style="list-style-type: none"> Obtén información en Internet para a resolución de tarefas. 	1%	2%
	<ul style="list-style-type: none"> Realiza presentación e proxectos en inglés utilizando diferentes soportes e ferramentas dixitais. 	1%	
Aprender a Aprender	<ul style="list-style-type: none"> Trae o material. 	1%	9%
	<ul style="list-style-type: none"> Planifica, organiza e revisa as súas tarefas. 	4%	
	<ul style="list-style-type: none"> Entrega proxectos e actividades en prazo. 	4%	
Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor	<ul style="list-style-type: none"> Participa con interese. 	2%	4%
	<ul style="list-style-type: none"> Realiza as súas tarefas con presteza e de forma autónoma. 	2%	

Na terceira e última avaliación, a **Competencia en Conciencia e expresións Culturais** avaliarase obxectivamente mediante o exame dun libro de lectura adaptado ao nivel. A lectura será elegida dentro da ampla gama da literatura en lingua inglesa, e, preferentemente, será un clásico que permita ampliar ao alumnado os seus coñecementos culturais sobre o mundo anglosaxón (estándares do Bloque 5).

O alumnado deberá asistir as probas de avaliación na data e hora sinaladas. No caso de non asistencia terá que presentar, un documento de xustificación oficial (asistencia ao médico ou ante as autoridades pertinentes).

No caso de impuntualidade do alumnado para a realización das probas, permitiráselle entrar durante a primeira media hora dende o comezo da proba. Unha vez transcurrido ese tempo xa non se lle permitirá a entrada. Igualmente ningún/a alumno/a poderá abandonar a aula durante esa media hora.

No caso de comprobar falta de ética do alumnado na realización das probas ó copiar especialmente dun dispositivo dixital ou por outro medio, retiraráselle o exame e se cualificará a proba cun 0.

A cualificación final da materia en xuño terá en conta as notas obtidas polo alumnado ó longo das tres avaliacións do curso. Ésta obterase como unha media ponderada na que a 1ª avaliación suporá o 10% da nota final, a 2ª avaliación o 20% e a 3ª terá un peso do 70%, dado que se trata dunha avaliación continua. Esta media ponderada farase sobre a nota real obtida polo alumno en cada avaliación; é dicir a nota exacta con decimais. Considerarase que o alumno ten superada a materia cando a suma das tres avaliacións sexa igual ou superior a 5. A nota definitiva da materia farase efectiva na avaliación final, que é coincidente coa terceira avaliación.

Para o alumnado con avaliación negativa, faráselle un seguimento individualizado para reforzar aquelas áreas nas que non acadou os mínimos esixibles. Dito alumnado realizará **unha proba** de cara a avaliación final, que incluírá todas as destrezas e cunha estrutura idéntica á primeira e segunda avaliación. A proba terá un peso do **100%**. **Considerarase que o alumno supera a materia cando obteña o 50% na proba.**

No caso do alumnado que non acade unha avaliación positiva, e polo tanto non supere a materia, pero promocióne de curso, deberá seguir un **plan de reforzo** destinado á súa recuperación e superación no seguinte ano académico.

Alumnado coa materia pendente

No caso do alumnado que non superase a materia a través de ningún do procedemento descrito ata a avaliación final, acadaría a avaliación positiva de aprobar a avaliación final ordinaria. En caso contrario, constaría como materia pendente para o seguinte curso.

2º de Bacharelato

Convocatoria ordinaria.

Avaliación da Competencia Lingüística

Os alumnos con avaliación continua terán tres exames de avaliación coincidindo coas datas da 1ª, 2ª e 3ª avaliacións. Os exames pareceranse aos propostos pola Comisión de Inglés para a ABAU do presente curso. Por cuestións de organización do tempo os exames da 1ª, 2ª avaliación de 2º de Bacharelato poderán dividirse en dúas partes diferenciadas: *reading*, *pronunciation* e *writing* nunha sesión (2 + 1 + 2,5 puntos respectivamente; os de *reading* desglosados en *true or false*, 1 punto; *synonyms*, 1 punto), e *use of English* (*transformations*, 3 puntos) e *listening* (1,5 puntos) noutra sesión. Na 3ª avaliación incorporárase a avaliación formal oral (*speaking*, 1 punto) que nas anteriores avaliacións será controlada mediante os rexistros de aula. Valoráranse a corrección na expresión gramatical /use of English (30%), coherencia discursiva (30%), fluidez (30%) pronunciación (10%) do alumnado. Ao incluír a avaliación do Bloque 2, axustárase a cuantificación das transformacións que pasarán a ter un valor de 2 na proba final.

Os exames serán, por exemplo, de completar oracións (p.ej., *Use of English*), redactar textos máis ou menos complexos (*Writing, Reading e Listening*), de resposta múltiple (*Listening e Reading*), exposicións orais e diálogos en role-play (*Speaking*), incluíndo os instrumentos de avaliación especificados no punto 3.

A proba de *pronunciation* será flexible, tal como indican as pautas da Circular da Comisión ABAU.

En 2º Bacharelato a proba de *Speaking* pode ter distintas modalidades: descrición dunha foto, ou unha entrevista de traballo ou para acceder a unha universidade. A proba realizarase ao longo do mes de maio ou finais de abril, en función da data de remate do curso, en aula pequena ou no departamento.

Estrutura das probas formais na 1ª e 2ª avaliacións:

Sección da proba	Nota/ Porcentaxe	Nº preguntas	Bloque co que se relaciona
<i>True or False</i>	1 punto / 10%	4 x 0,25	B3
<i>Synonyms</i>	1 punto / 10%	4 x 0,25	B5
<i>Pronunciation</i>	1 punto / 10%	4 x 0,25	B5
<i>Transformations</i>	3 puntos / 30%	12 x 0,25	B5
<i>Essay</i>	2,5 puntos / 25%		B4
<i>Listening</i>	1,5 puntos / 15%	5 x 0,1+5 x 0,2	B1

Os exames finais polo tanto terán unha estrutura máis aproximada á do exame da ABAU:

Sección da proba	Nota/ Porcentaxe	Nº preguntas	Bloque co que se relaciona
<i>True or False</i>	1 punto / 10%	4 x 0,25	B3
<i>Synonyms</i>	1 punto / 10%	4 x 0,25	B5
<i>Pronunciation</i>	1 punto / 10%	4 x 0,25	B5
<i>Transformations</i>	2 puntos / 20%	5 x 0,4	B5
<i>Essay</i>	2,5 puntos / 25%		B4
<i>Listening</i>	1,5 puntos / 15%	5 x 0,1+5 x 0,2	B1
<i>Speaking</i>	1 punto / 10%		B2

O exame final de 2º de Bacharelato tradicionalmente é igual para todo o alumando polo que se realizará simultaneamente en aulas excepcionalmente pola tarde no mes de maio..

A nota de cada avaliación será a suma de todas as partes (*reading, writing, pronunciation, transformations, listening, speaking*), tendo en conta que **deixar un dos bloques en branco, ou non presentarse sen xustificación a unha proba, supón unha avaliación negativa.**

Avaliación total

En 2º de Bacharelato, a avaliación será por competencias. Deste xeito as probas de desempeño (exame) que avalían a Competencia Lingüística de cada avaliación terá un peso de 80% da nota total.

Ainda que a suma total da nota das probas terá un valor total de 10 puntos, obterase o 80% da nota que acade o alumno, e de acadar o mínimo esixido do 40%, sumarase ás notas acadadas nas competencias avaliadas.

A cuantificación será a que sigue:

Competencias a avaliar	Porcentaxe	Mínimo	Instrumentos
Competencia Lingüística	80%	40%	Probas obxectivas de desempeño: escritas, audicións, orais Rúbricas
Competencia Social e Cívica	5%		Observación Rexistro Rúbricas
C. en Conciencia e Expresións Culturais	5%		Observación Rexistro Rúbricas Probas obxectivas de desempeño
Competencia para Aprender a Aprender	5%		Observación Rexistro Portfolio Rúbricas
C. de Sentido da Iniciativa e E.E.	5%		Observación Rexistro Portfolio Rúbricas

Aspectos a considerar na avaliación das competencias clave:

Competencias	Items a valorar	Cuantificación items	Peso total da competencia
Sociáis e Cívica	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Favorece o ambiente de traballo respectando ós compañeiros e a docente e cumpre as normas de convivencia. ▪ Intégrase no grupo e/ou centro. 	2,5%	5%
		2,5%	
Conciencia e Expresións Culturais	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Valora o uso do inglés mostrando respecto e interese por outras culturas. 	5%	5%

Aprender a Aprender	▪ Trae o material.	1%	5%
	▪ Entrega proxectos e actividades en prazo.	4%	
Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor	▪ Participa con interese.	2,5%	5%
	▪ Realiza as súas tarefas con presteza e de forma autónoma.	2,5%	

Como se avalian as competencias non lingüísticas:

Sociáis e Cívica:

- O alumno que non teña ningunha anotación por comportamento inadecuado acadará a puntuación máxima. Cada rexistro negativo restará 0,05 ao total de 0,25.
- O alumnado que teña ata tres faltas sen xustificar por trimestre acadará a puntuación máxima, o que rexistre máis de tres faltas sen xustificar por trimestre restará 0,05 por cada falta.

Conciencia e expresións Culturais:

- Na 1ª e 2ª avaliación o alumnado realizará un traballo específico sobre un tema cultural e/ou de actualidade relacionado co entorno da lingua inglesa, xa sexa sobre festividades, acontecementos culturais, política, etc. O traballo poderá solicitarse en soporte escrito, electrónico ou mediante unha exposición oral.
- Na 3ª avaliación (final) a nota a sumar será a acadada na proba de comprobación de lectura obrigatoria dun libro relacionado co mundo anglo parlante (Bloque 5).

Aprender a Aprender:

- O alumnado sen rexistro negativo de material (libros de texto, material de traballo entregado polas docentes, etc.) acadará a puntuación máxima de 0,1.
- O alumnado que teña entregado todas as tarefas en prazo (redaccións e presentacións orais extras) acadará a puntuación máxima de 0,4. No caso dalgunha tarefa non entregada, para calcular o valor de cada unha das aportadas, dividirase 0,4 entre o número de tarefas solicitadas para facer o cómputo positivo.

Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor:

- O alumnado que participe dun xeito activo en inglés acadará a puntuación máxima de 0,25.
- O que traballe dun xeito habitual e participe nas tarefas orais acadará un máximo de 0,25.

O alumnado deberá asistir as probas de avaliación na data e hora señaladas. No caso de non asistencia terá que presentar, un documento de xustificación oficial (asistencia ao médico ou ante as autoridades pertinentes).

No caso de impuntualidade do alumnado para a realización das probas, permitiráselle entrar durante a primeira media hora dende o comezo da proba. Unha vez transcurrido ese tempo xa non se lle permitirá a entrada. Igualmente ningún/a alumno/a poderá abandonar a aula durante esa media hora.

No caso de comprobar falta de ética do alumnado na realización das probas ó copiar especialmente dun dispositivo dixital ou por outro medio, retiraráse o exame e cualificarase a proba cun 0.

A cualificación final da materia en maio terá en conta as notas obtidas polo alumnos ó longo das tres avaliacións do curso. Ésta obterase como unha media ponderada na que a 1ª avaliación suporá o 10% da nota final, a 2ª avaliación o 20% e a 3ª terá un peso do 70%, dado que se trata dunha avaliación continua. Esta media ponderada farase sobre a nota

real obtida polo alumno en cada avaliación; é dicir a nota exacta com decimais. Considerarase que o alumno ten superada a matéria cando a suma das tres avaliacións sexa igual ou superior a 5.

Os exames realizados serán mostrados ó alumnado e custodiados no centro.

Convocatoria extraordinaria e de pendentes

Na convocatoria extraordinaria e de pendentes extraordinaria haberá soamente unha proba sobre estándares dos distintos bloques de coñecemento agás os relacionados co Bloque 2 (expresión oral) debido a escasez de tempo. Co cal só poderá avaliarse a Competencia Lingüística Bloques 1, 3, 4, 5), que será avaliada en base a 10.

A estrutura e a cuantificación serán como as da 1ª e 2ª avaliacións.

9. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Plans de traballo para a superación das materias pendentes (ESO).

Elementos esixibles. Para que o alumnado de ESO co Inglés pendente aprrobe terá que superar os estándares básicos establecidos nos Bloques.

Programa de reforzo/ Plan de traballo. Daráselles material de reforzo para recuperar, un cuadernillo para traballar independentemente, centrado nas partes de *Vocabulary, Use of English, Communication, Listening, Reading e Writing*. Os contidos sobre os que versarán serán os traballados durante o curso anterior. O alumnado será supervisado dun xeito continuado polo profesorado correspondente. Ao mesmo tempo, o profesorado controlará e afondará na mellora do *Listening, Writing e Reading* durante o curso de referencia, mediante o uso dos instrumentos de avaliación utilizados para o resto do alumnado (probas escritas, taboas de observación, etc.)

Actividades de avaliación. Coincidindo con cada avaliación, deberán entregar unha parte do caderno de reforzo, que suporá un 30% da nota da avaliación e realizarán unha proba específica que versará sobre os contidos traballados en cada prazo. Dita proba suporá o 70% na cal o alumnado deberá obter un 25% para sumarlle o 30% do caderniño. Asimesmo, a entrega do caderniño é obrigatoria para conseguir a avaliación positiva.

As avaliacións terán un valor ponderado: 20% a primeira, 30% a segunda e 50% a terceira. Considerarase que a alumno supera a matéria pendente de acadar o 50% coa suma das tres avaliacións. E obrigatoria a asistencia ás clases da asignatura que ten pendente, neste caso Inglés, do curso no que estea matriculado.

Dado que os contidos, obxectivos e estándares de aprendizaxe dun curso inferior coinciden coas dúas primeiras avaliacións do curso seguinte, o alumnado que supere a segunda avaliación do curso no que está matriculado aprobará a matéria pendente do curso anterior, sempre e cando entregue o caderniño (incluído o da 3ª avaliación) e aprrobe os exames da matéria pendente na 1ª e na 2ª avaliacións, co cal obtería un '5'. Contemplarase a posibilidade de que poida realizar a última proba para subir nota e nunca minorala en caso de resultado negativo.

Criterios para superar as materias pendentes pola avaliación continua. Por decisión unánime do Departamento, reflexada en acta do mesmo e da CCP, entendemos que a materia é progresiva.

Polo tanto, de darse o caso dalgún alumno que non supere a pendente polo proceso descrito pero acade o aprobado na materia do curso no que estea matriculado (a excepción do alumnado non presentado ás convocatorias específicas para pendentes*), darase por recuperada a asignatura, agás no caso do alumnado de cuarto de ESO que poda titular cunha ou dúas materias suspensas.

* Entendemos que o alumnado que non entrega o caderno nin se presenta as probas sen causa xustificada obxetivamente abandoa a materia.

Finalmente, o alumnado que non acade unha avaliación positiva coa suma das três avaliacións, nin por médio dos procesos descritos anteriormente, terá a oportunidade de superar a materia pendente em xuño, realizando unha última proba final de comprensión oral e escrita e produción escrita ou tarefas específicas a critério do departamento, tendo en conta a diversidade do alumnado. Dita proba suporá o 100% da nota. O alumnado superará a materia ó acadar o 5. A estrutura será a seguinte:

35% comprensión oral e escrita

15% expresión escrita

50% vocabulario e use of English

Actividades de seguimento das materias pendentes (BACH)

Temos que ter en conta que a nosa materia é progresiva, polo tanto, a materia a recuperar de 1º de bacharelato é tratada de novo e ampliada en 2º, co cal as actividades de reforzo do alumnado son continuas.

As actividades propostas para o alumnado con necesidade de recuperar e reforzar a materia son, ademáis dos exercicios específicos de reforzo en cada unidade (ver máis abaixo), unha batería de exercicios prácticos ó inicio de curso. Os contidos a recuperar serán os traballados durante o curso anterior.

Por suposto todo o alumnado conta tamén co apoio e a atención personalizada do profesorado correspondente se así o solicitan (recreos, ratos libres ou telemáticamente).

No material destinado ao profesor, a *Guía Didáctica*, propóñense actividades de reforzo e consolidación para os alumnos así como notas para o profesor, consellos didácticos, para afrontar diferentes expectativas do alumnado.

No *Teacher's Resource Book*, o profesor dispón de páxinas fotocopiáveis de consolidación e de ampliación por unidade.

Avaliación da materia pendente:

O seguimento da materia pendente farase por avaliacións. O alumnado será avaliado cunha proba. A primeira convocatoria será no mes de novembro. De non ter recuperada a materia, a segunda convocatoria será no mes de febreiro e a última no mes de abril. A proba seguirá o formato dunha proba de 1º bacharelato, descrita na Programación. Finalmente, haberá outra convocatoria extraordinaria no mes de xuño.